

XXI
CONCURSO
DE RELATO
ORAL



Tíralle da lingua é un proxecto da AS-PG, dirixido ao alumnado e profesorado, co obxectivo de incentivar e normalizar o uso oral da nosa lingua, converter o idioma en instrumento de comunicación normal, de creación e recreación de historias, de lingua de uso do noso sistema educativo, en definitiva, de devolverlle ao galego o espazo que lle corresponde.

E sobre todo, asegurar a competencia na fala entre o noso alumnado!
BASES DO CONCURSO

- 1^ª As historias poderán ser de base popular, de base literaria ou creación propia.
- 2^ª As historias contaránse en galego.
- 3^ª Nas historias valorarase a calidade lingüística e o seu carácter construtivo e pedagóxico (linguaxe non discriminatória, linguaxe non sexista...), dicción, dramatización ou espontaneidade.
- 4^ª Os/as participantes concursarán individualmente ou en grupo, pero sempre respectando o tempo máximo por actuación que será de 5 minutos. A superación dese tempo pode supor a descalificación. Poderán participar cun máximo dunha historia.
- 5^ª O concurso vai destinado a tres niveis académicos.
 - 1) Primaria.
 - 2) 1^º Ciclo de ESO.
 - 3) 4^º ESO e ensino postobrigatorio.
- 6^ª O concurso farase en dúas fases con carácter selectivo:

- 1) A nivel centro de ensino.
- 2) A nivel nacional.
- 7^ª Na primeira fase será o propio centro o que determine e se responsabilice dos posibles premios aos concursantes. O número de concursantes que pasarán da primeira á segunda fase determinarase en función da participación, o que se comunicará aos centros.
- 8^ª A formalización da inscrición no concurso por parte dos centros realizarase antes do día 14 de novembro de 2022 enviando un e-mail a: informacion@as-pg.gal. Recibirán confirmación da inscrición e dos datos que deben completar.
Os vídeos ou audios coas contadas deben nomearse co título, autor/a, curso e centro.
- 9^ª A fase final celebrarase a finais de novembro. O xurado visionará os traballos realizados e escollerá aos gañadores e gañadoras.

- 10^ª Na fase final concederáse un primeiro premio por nivel cun valor de 250 euros e un segundo, se o xurado así o estima, por valor de 150 euros. Os centros de ensino dos participantes gañadores recibirán un premio do mesmo importe.
 - 11^ª O xurado estará composto por tres persoas alleas aos centros participantes con experiencia nestas actividades, actuando de secretario/a un representante de Asociación Socio-Pedagóxica Galega.
 - 12^ª O xurado emitirá o ditame o mesmo día da celebración do concurso.
 - 13^ª A participación no concurso supón a aceptación íntegra das presentes bases. A AS-PG poderá modificar a modalidade da fase final por razóns que respondan a situación de emerxencia sanitaria.
- IMPORTANTE! Todos os centros participantes, enviarán a gravación das historias seleccionadas para a final pois non vai haber fase presencial.**